

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A ASSOCIAÇÃO RECREIO DOS ANCIAOS PARA ASILO DA VELHICE DESAMPARADA EN RÍO DE JANEIRO, BRASIL, PARA CONTRIBUÍR Á ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS BÁSICAS DA CIDADANÍA GALEGA RESIDENTE EN RÍO DE JANEIRO, BRASIL.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Associação Recreio dos Anciaos para Asilo da Velhice Desamparada en Río de Janeiro, Brasil, o instrumento convencional arriba referido.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes co fin de contribuír á prestación de asistencia á cidadanía galega que reside na Associação Recreio dos Anciaos, a cal se atope en situación de necesidade e non poida afrontar o custo da súa estancia, por razóns de carencia ou de dependencia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

En Río de Janeiro, Brasil, reside unha ampla colonia de galegos e galegas e a súa descendencia da que forma parte un colectivo de persoas anciáns que por razóns de idade, saúde e/ou circunstancias familiares están a sufrir unha situación socio económica que xera un deterioro do seu nivel de vida, o cal se está agravando debido á falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e asistencial para este colectivo.

A Associação Recreio dos Anciaos para Asilo da Velhice Desamparada de Río de Janeiro, fundada en 1940 por persoas emigrantes galegas, é unha entidade benéfica sen ánimo de lucro. A súa finalidade é acoller temporal ou permanentemente á anciáns de xeito gratuíto, dando prioridade ás persoas galegas e españolas necesitadas. Esta asociación está rexistrada como centro colaborador da galeguidade no Rexistro de Comunidades Galegas da Secretaría xeral da Emigración.

A dita entidade é un dos referentes fundamentais na atención socio sanitaria e de asistencia ás persoas de idade avanzada en Río de Janeiro e a súa contorna. Nas súas instalacións, que contan con 250 habitacións, teatro, capela, biblioteca e unha ampla área de recreo, leva a cabo unha asistencia integral ás persoas acollidas (entre as que se atopan 23 galegas que viven na entidade con carácter permanente). Esta asistencia inclúe alimentación, vestiario, servizos médicos, fisioterapia, terapia ocupacional, actividades culturais, etc., mellorando así o aspecto social, emocional e sociolóxico das persoas acollidas.



A Secretaría Xeral da Emigración estima que é necesario establecer unha colaboración co obxecto de contribuír á prestación de asistencia á colectividade galega residente en Río de Janeiro e na súa área xeográfica, que por cuestións de idade e/ou circunstancias socio familiares, presenta problemas asociados e derivados destas.

Para realizar as actividades descritas no presente convenio, a Secretaría Xeral da Emigración alcanzará vinte mil euros (20.000 €), con cargo a aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, ao non ser posible promover a concorrência pública, segundo o disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, xa que é a única entidade que reúne estas características en Río de Janeiro.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica na pretensión de mellorar a saúde, o benestar social e a calidade de vida da colectividade de emigrantes galegos e galegas residentes en Río de Janeiro que, por cuestións de idade e/ou circunstancias socio familiares, presentan problemas asociados e derivados desta circunstancia persoal, por razóns de carácter social e humanitario.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

